



Ao meu pai.

Vivimos tempos difíciles, convulsos para todos; ou máis atinadamente, para case todos. Tempos inseguros no económico-social e profesional, e, tamén, moi tristes no persoal. Aínda así, non deixamos de buscar a beleza, esa condición, tan detectable e confusa a un tempo, perseguida incesantemente por un ser humano que, ao meu entender, non resistiría a vida sen a súa existencia. Penso que a beleza, dalgún xeito, está relacionada co recordo, coa memoria. Tamén coa intelixencia. Pero, e que é a beleza?. Decía Santa Teresa, citando a Platón, que a beleza se topa na verdade. Pois, que é a verdade? cal verdade? Intuímos o que Teresa quería dicir, cremos saber a que se refire e, non obstante, tamén coñecemos a subxectividade. Un dos personaxes da moi boa película de San Mendes, American Beauty, ante a estrañeza e inicial incompreensión da súa amada, relátalle, nos seguintes termos, o porqué de 15 minutos de continua gravación do rostro sen vida dun esmoleiro no que creu ver un ricto de felicidade: "cando acontece algo así, é coma se Deus te mirase aos ollos e, se estás atento, podes devolverlle a mirada. E que ves? Beleza". Este personaxe, dotado de finísima sensibilidade, fala da súa verdade; subxectiva, si, pero non exenta de argumentos.

A beleza; consideracións próximas.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 22 Agosto 2012 23:19

Son do pensar de que a beleza está, só depende de nós chegar a ela. Aí emerxe con toda a potencia a subxectividade: o gusto. Agora ben, por veces, a beleza é esquiva ou mesmo invisible. Non está?. Somos conscientes de que existe a falta de beleza, a fealdade, pero mesmo desta, en ocasións, persoas especialmente dotadas poden tirar partido esteticamente positivo; lembremos algúns planos dos filmes de Almodóvar onde, mesturando todo tipo de cachifallos ordinarios e "horteras" con personaxes vestidos a dor, obtén imaxes de conxunto atractivas. E aínda é máis categórico o caso de sedutoras e impactantes fotografías, que todos contemplamos en máis dunha ocasión, cuxa temática se reduce a detritos, lixo e inmundicias.

En todo caso, defendo a idea de que o ser humano persegue a beleza en todos os seus actos e decisións, por banais que sexan. Non coñezo ninguén que ao levantarse pola mañá, ante o espello, busque ansioso e con pracer unha imaxe notablemente desmellorada respecto da noite anterior. A busca da estética positiva vai implícita en nós. Tampouco coñezo a ninguén que se enfunde premeditadamente aquelas roupas que máis o desfavorecen, inda así, quen máis e quen menos tivo ocasión de presenciar, neste eido, escenas de auténtico delirio mental. E é que conseguir esa beleza ideal non é cousa doada, si, ocasionalmente, cousa fortuíta; sempre, un instante cheo de emoción. Tampouco, se cadra, está garantido chegar ao cumio da beleza cando a queremos obter por simple suma doutras. Nin esta se cingue unicamente ao físico, tamén o concepto pode ser belo. E horrendo. Sucede cando algún que outro banqueiro, cegado de lícita paixón, somérxese en operacións que entende fermosas, e que poderían selo, pero non distingue o necio que no seu caso está a tratar coa estafa. El séntea bela. Pura subxectividade. O outro caso, o das sumas que non suman, podémolo constatar nunha película que a min me parece moi bela pero á que a desmesura estética perseguida polo director lle baixa a nota, faille perder o necesario control, equilibrio e medida entre as distintas partes que un filme necesita para alcanzar a categoría de obra de arte incontestable: A casa das dagas voadoras, do cineasta Zhang Yimou.

Antes de rematar, aínda direi que existiron, e inda subsisten, correntes de pensamento na arquitectura que, contrariando a Vitrubio, consideraban un valor menor o da beleza, non obstante os seus precursores loitaron por ela mesmo argumentando o contrario. Os defensores daqueles postulados funcionalistas da primeira metade do XX nunca conseguirían levantar arquitecturas se nas súas obras non estivese presente a beleza como concepto logrado. Eles, aínda silenciándoo, sabían.

Para min, a beleza atópase condensada na sinxeleza, o máis próximo á verdade que coñezo, se ben, houbo un tempo, habitei bosques espesos cuxa rabiosa frondosidade racionaba con tal saña a luz que apenas conseguía orientarme na penumbra. Recordo, cando neno, a un construtor que, na distancia e á súa natural maneira, intentou sensibilizarme acerca dos valores estéticos implícitos en todo o exento de parafernalia, no sinxelo; algo que el sempre practicou intuitivamente. Pero eu habitaba o bosque. Tamén recordo que ese mesmo construtor, pola

A beleza; consideracións próximas.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 22 Agosto 2012 23:19

mesma época, cando cadraba, supoño, buscábame para levarme a algunha das obras nas que andaba metido. Recordo a forte impresión que, a consecuencia dunha destas visitas, me causaron as cores, os materiais e as formas esenciais do vestíbulo xeral do cinematógrafo que Bar Boo proxectara para Gondomar. Unha beleza sorprendente, distinta, nova,... núa. Quero crer que tamén o construtor aínda a recorda.